



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio de acordo de xestión do Fondo de Acción Social do Persoal do Concello da Coruña

Servizo de Recursos Humanos

ANUNCIO

En sesión celebrada o día 30 de decembro de 2021, a Xunta de Goberno Local adoptou, o seguinte acordo:

Aprobar o Acordo de Xestión do Fondo de Acción Social do Persoal do Concello da Coruña, cuxo contido inclúese como Anexo a este acordo.

A data de entrada en vigor deste Acordo será o día 01 de xaneiro de 2022, previa a súa publicación no portal municipal ALFRESCO, e sen prexuízo da súa posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e a súa vixencia será por un prazo máximo de catro anos.

ANEXO

ACORDO DE XESTIÓN DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DO PERSOAL DO CONCELLO DA CORUÑA

CAPÍTULO I.-NORMAS XERAIS

Artigo 1.º. Ámbito persoal de aplicación

Artigo 2.º. Solicitudes

Artigo 3.º. Prazo de presentación de solicitudes e documentación

Artigo 4.º. Documentación

Artigo 5.º. Causas xerais de exclusión

Artigo 6.º. Penalización

Artigo 7.º. Importe das axudas

Artigo 8.º. Distribución

Artigo 9.º. Consignación orzamentaria

Artigo 10.º. Tramitación

Artigo 11.º. Interpretación do Acordo

CAPÍTULO II.-AXUDA ECONÓMICA POR DISCAPACIDADE OU DEPENDENCIA

Artigo 12.º. Alcance

Artigo 13.º. Documentación

Artigo 14.º. Importe da axuda

CAPÍTULO III.-AXUDA ECONÓMICA POR BOLSA DE ESTUDOS

Artigo 15.º. Alcance

Artigo 16.º. Documentación

Artigo 17.º. Importes máximos destas axudas

CAPÍTULO IV.-AXUDA ECONÓMICA POR ESCOLAS INFANTÍS DE PRIMEIRO CICLO

Artigo 18.º. Alcance

Artigo 19.º. Documentación

Artigo 20.º. Importe da axuda

CAPÍTULO V.-AXUDA ECONÓMICA POR ODONTOLOXÍA, OFTALMOLOXÍA, OTORRINOLARINGOLOXÍA E ENFERMIDADE ODONTOLOXÍA

Artigo 21.º. Alcance

Artigo 22.º. Documentación

Artigo 23.º. Importe da axuda

OFTALMOLOXÍA

Artigo 24.º. Alcance

Artigo 25.º. Documentación

Artigo 26.º. Importe da axuda

OTORRINOLARINGOLOXÍA

Artigo 27.º. Alcance

Artigo 28.º. Documentación

Artigo 29.º. Importe da axuda

ENFERMIDADE

Artigo 30.º. Alcance

Artigo 31.º. Documentación

Artigo 32.º. Importe da axuda

CAPÍTULO VI.-AXUDA ECONÓMICA POR ADQUISICIÓN OU ALUGUER DE VIVENDA

Artigo 33.º. Alcance

Artigo 34.º. Requisitos

Artigo 35.º. Documentación

Artigo 36.º. Importe

CAPÍTULO I.-NORMAS XERAIS

Artigo 1.º.-Ámbito persoal de aplicación.

1.1. Poderán ser beneficiarios das axudas do fondo de acción social os empregados públicos do Concello da Coruña, que tamén poderán solicitar estas axudas polos membros da súa unidade familiar, así como os seus fillos/as orfos/as.

O persoal funcionario interino, laboral temporal e persoal eventual, deberá contar cun mínimo de seis meses de permanencia ao servizo do Concello da Coruña durante o período ao que se refire a convocatoria de axudas.

Tamén poderán optar a estas axudas o persoal que obtivese a xubilación ou que fose declarado nunha situación de incapacidade permanente ou gran invalidez, así como os membros da súa unidade familiar, durante o período ao que se refira a convocatoria das axudas do ano no que se produciron tales situacións.

1.2. Para os efectos de percibir estas axudas con cargo ao fondo de acción social do Concello da Coruña, entenderase que forman parte da unidade familiar:

- O cónxuxe ou parella de feito inscrita no rexistro correspondente.
- Os fillos e as fillas que convivan no domicilio familiar, que non alcanzaran rendas anuais superiores ao salario mínimo interprofesional, nos seguintes supostos:
 - Non teñan cumprido a maioría de idade no ano ao que se refire a convocatoria das axudas.
 - Maiores de idade e menores de 25 anos, no ano ao que se refire a convocatoria das axudas.
 - Maiores de 25 anos, no ano ao que se refire a convocatoria, cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.

- Os ascendentes que convivan no domicilio familiar e acrediten non ter ingresos anuais superiores ás contías mínimas das prestacións da Seguridade Social vixentes en cada momento.

1.3. No caso de separación legal ou divorcio, as axudas aos fillos serán do 80%.

1.4. No caso de que o/a solicitante incluído/a no ámbito de aplicación deste Acordo non prestase servizos todo o ano ao que se refire a convocatoria das axudas económicas, a axuda que percibirá terá un importe directamente proporcional ao tempo traballado.

1.5. Atópanse incluídos no ámbito persoal de aplicación, os/as fillos/as orfos de empregados públicos do concello da Coruña, en activo, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Non teñan cumprido a maioría de idade no ano ao que se refira a convocatoria de axudas, sempre que non alcanzaran rendas anuais superiores ao salario mínimo interprofesional vixente en cada anualidade.

b) Sexan maiores de idade e menores de 25 anos, no ano ao que se refire a convocatoria das axudas, sempre que non alcancen rendas anuais superiores ao salario mínimo interprofesional vixente en cada anualidade.

No caso de ter vínculo matrimonial ou relación de parella de feito inscrita no rexistro oficial correspondente, o límite das rendas anuais da unidade familiar será de 1,5 veces o salario mínimo interprofesional vixente en cada anualidade.

c) Maiores de 25 anos no ano a que se refire a convocatoria das axudas, cunha discapacidade superior ao 33%, sempre que non acaden unha renda anual superior ao salario mínimo interprofesional vixente en cada anualidade.

Se a persoa beneficiaria tiver vínculo matrimonial ou de parella de feito inscrita no rexistro oficial correspondente, dito límite económico de renda anual da unidade familiar elevarase a 1,5 veces o SMI vixente en cada anualidade.

Artigo 2.º.-Solicitudes.

2.1. As solicitudes das axudas formularanse (en todo caso) polos empregados municipais ou, se fose o caso, polos orfos/as, no modelo normalizado establecido, facendo constar o tipo de axuda solicitada e para quen se solicita, achegando toda a documentación esixida, en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2.2. No caso de cónxuxes que sexan traballadores municipais, ambos os dous deberán asinar a solicitude da axuda económica, independentemente de quen a solicite.

2.3. A presentación da solicitude implica a aceptación das condicións establecidas na presente Acordo.

2.4 Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados neste Acordo, o Servizo de Recursos Humanos requiriralle á persoa interesada, na forma establecida no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así no o fixese, considerárase desistida da súa petición, despois de ditada a resolución para tal efecto.

Artigo 3.º.-Prazo de presentación de solicitudes e documentación.

Establécese un único prazo para a entrega de solicitudes e documentación necesaria para a súa tramitación, que comprende o período que vai desde o 1 ao 31 de xaneiro de cada ano.

Artigo 4.º.-Documentación.

As persoas interesadas deberán presentar necesariamente xunto coa solicitude a documentación común aos diferentes tipos de axuda, así como a específica de cada unha delas e que máis adiante se sinalará:

a) No caso de que algún dos membros da Unidade Familiar percíbise, ou vaia percibir, axudas económicas polo mesmo concepto ou análoga finalidade que as desenvolvidas no presente Acordo, deberá presentar certificación ou outro documento acreditativo do importe da axuda recibida. No suposto de percibir a mencionada axuda con posterioridade á establecida no presente Acordo, deberá comunicarse da mesma forma.

b) En aplicación do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), os datos relativos ás rendas anuais da unidade familiar serán obxecto de consulta a outras Administracións Públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na solicitude e deberán achegar xunto con aquela unha certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria sobre o nivel de renda, correspondente ao último exercicio declarado, na data de presentación de solicitudes de axudas do solicitante e de todos e cada un dos membros da unidade familiar.

No caso de non existir datos fiscais dalgún membro da unidade familiar maior de 16 anos, deberán acreditarse os seus ingresos mediante certificación do organismo ou entidade da que perciba os citados ingresos ou, se fose o caso, presentar declaración xurada de non percibir ingresos.

c) Declaración xurada de non percibir outras axudas no ano da convocatoria, de calquera ente público ou privado, da mesma natureza e para a mesma finalidade que sexan incompatibles coas establecidas neste Acordo.

d) Documentación específica sinalada en cada unha das axudas.

Artigo 5.º.-Causas xerais de exclusión.

Serán causas de exclusión das axudas económicas, entre outras, as seguintes:

a) Presentar a solicitude fóra de prazo.

b) Non presentar a documentación requirida dentro do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo da súa emenda, de conformidade co artigo 2 deste Acordo.

A resolución pola que se requira a emenda da documentación correspondente será publicada nos medios electrónicos indicados en cada convocatoria; así mesmo, enviarase un aviso desta publicación mediante correo electrónico a todo o persoal municipal.

O persoal incluído no ámbito de aplicación deste Acordo que non estea en servizo activo recibirá notificación individual da citada resolución no seu domicilio ou no lugar indicado para os efectos de notificacións na súa solicitude.

O prazo de emenda da documentación requirida será de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación ou notificación da resolución.

c) Non cumprir os requisitos esixidos neste Acordo.

d) A falsidade ou ocultación, debidamente probada, de datos ou documentos.

e) Que a persoa causante do gasto non forme parte da unidade familiar.

f) Existir separación xudicial do matrimonio ou disolución da parella de feito cando se solicite axuda económica por gastos de cónxuxe ou parella de feito.

g) Non comunicar a obtención doutras axudas, no caso de que calquera dos membros da unidade familiar perciba axudas de outras entidades, públicas ou privadas, polo mesmo concepto ou análoga finalidade, con excepción dos supostos de axudas por diversidade funcional ou dependencia e sen prexuízo da aplicación do previsto no art. 7.º.2.

Artigo 6.º.-Penalización.

6.1. Todos aqueles solicitantes ou membros da súa unidade familiar que incorran nunha manifesta ocultación, falseamento de datos ou documentación relativa ás axudas solicitadas, que resultase determinante para a concesión e/ou fixación da contía da correspondente axuda, serán penalizados con dez anos de exclusión das axudas.

6.2. Así mesmo, estarán obrigados ao reintegro do importe das axudas percibidas indebidamente, con perda do dereito a percibir calquera das axudas económicas descritas na presente Acordo en tanto non se produza este reintegro.

6.2. Esta penalización comezará a contar desde o momento en que se devolvan as cantidades indebidamente percibidas, sen prexuízo da súa aplicación inmediata.

Artigo 7.º.-Importe das axudas.

7.1. O importe máximo que se perciba en concepto de axuda económica, non poderá ser superior ao importe do gasto realizado nin superar en ningún caso os 3.500,00 € por solicitante, excepto nos casos de axudas por enfermidade, diversidade funcional ou dependencia. Enténdese por gasto realizado, o acreditado documentalmente polo solicitante, descontando dos gastos que proceda computar, segundo o disposto no presente Acordo, a aplicación dos límites ou índices correctores reflectidos no artigo 8.º.

7.2. No suposto de percepción de axuda económica, subvención ou bolsa de estudos polo mesmo concepto ou análoga finalidade por parte doutra entidade, pública ou privada, se o importe daquela fose inferior ao que corresponda pola aplicación do presente Acordo, terase dereito á percepción desta, deducindo o importe recibido polo mesmo concepto. Non se terán en conta estas axudas no caso das concedidas por diversidade funcional e dependencia.

7.3. No caso de percibir as axudas económicas ou subvencións previstas no número anterior con posterioridade ao abono das axudas establecidas no presente Acordo, descontaríase o importe daquelas dos importes que percibirá a unidade familiar nas seguintes convocatorias.

Artigo 8.º.-Distribución.

8.1. O importe da partida destinada ás axudas que aquí se regulan distribuirase de forma inversamente proporcional á base imponible da unidade familiar do solicitante. No caso de non dispor da base imponible da unidade familiar utilizarase como dato os ingresos netos da unidade familiar, entendéndose como ingresos netos a diferenza entre o total de rendementos menos os gastos deducibles. En todo caso, teranse en conta as porcentaxes indicadas na seguinte táboa:

TÁBOAS PARA O CÁLCULO DA PORCENTAXE DE AXUDA, PARTINDO DO IMPORTE DAS RENDAS DA UNIDADE FAMILIAR (BASE IMPOÑIBLE OU, NO SEU CASO, DOS INGRESOS NETOS) E O NÚMERO DE MEMBROS QUE CONFORMAN A UNIDADE FAMILIAR DE CADA UN DOS SOLICITANTES

Táboa 1: REDUCIÓN POR UNIDADE FAMILIAR	
N.º de membros da unidade familiar	Porcentaxe redutora por unidade familiar
1	30,00%
2	40,00%
3	60,00%
4	70,00%
5	80,00%
6 ou superior	90,00%

Táboa 2 : PORCENTAXE DE AXUDA	
Ingresos netos	Porcentaxe de axuda
Ata 15.000,00 €	100,00%
De 15.000,01 € a 16.500,00 €	95,00%
De 16.500,01 € a 18.000,00 €	90,00%
De 18.000,01 € a 19.500,00 €	85,00%
De 19.500,01 € a 21.000,00 €	80,00%
De 21.000,01 € a 22.500,00 €	75,00%
De 22.500,01 € a 24.000,00 €	70,00%
De 24.000,01 € a 25.500,00 €	65,00%
De 25.500,01 € a 27.000,00 €	60,00%
De 27.000,01 € a 28.500,00 €	55,00%
De 28.500,01 € a 30.000,00 €	50,00%
De 30.000,01 € a 31.500,00 €	45,00%
De 31.500,01 € a 33.000,00 €	40,00%
De 33.000,01 € a 34.500,00 €	35,00%
De 34.500,01 € a 36.000,00 €	30,00%
De 36.000,01 € a 37.500,00 €	25,00%
De 37.500,01 € a 39.000,00 €	20,00%
De 39.000,01 € a 40.500,00 €	15,00%
De 40.500,01 € a 42.000,00 €	10,00%
De 42.000,01 € a 43.500,00 €	5,00%
De 43.500,01 € en diante	0,00%

Cálculo da porcentaxe de axuda:

Paso 1: $RN = RTUF - (RTUF \times \% UF)$

Paso 2: Ao importe da renda neta (RN) aplicarlle o% de axuda da táboa 2

RTUF: Renda da unidade familiar (Base imponible da renda da unidade familiar ou, no seu caso, ingresos netos)

UF: Porcentaxe redutor por unidade familiar (táboa 1)

RN: Renda da unidade familiar resultante de aplicarlle o porcentaxe fixado na táboa 1

8.2. Para o cálculo do importe da axuda, as anteriores porcentaxes aplicaranse, en todo caso, sobre o límite máximo establecido para cada un dos tipos de axuda; aínda que o gasto realizado fose superior (artigo 7.º.1).

Artigo 9.º.-Consignación orzamentaria.

9.1. A cantidade máxima que se aboará a cada solicitante será a resultante da aplicación do presente Acordo.

9.2. A pesar do establecido no número anterior, a cantidade máxima que se abonará á totalidade dos perceptores de axuda por adquisición ou aluguer de vivenda, non poderá exceder, en cada exercicio, do 25% da partida global destinada ás axudas económicas, tendo en conta o seguinte:

a) No caso de que a cantidade total prevista a abonar no exercicio superase o importe dispoñible para tal efecto nos orzamentos anuais, todos os importes calculados por cada axuda individualmente deberán ser reducidos proporcionalmente para axustarse ao importe consignado e dispoñible nos devanditos orzamentos.

b) No caso contrario, isto é, que a cantidade total prevista a abonar no exercicio fose inferior ao importe dispoñible para tal efecto nos orzamentos anuais, todos os importes calculados por cada axuda individualmente deberán ser aumentados proporcionalmente para axustarse ao importe consignado e dispoñible nos devanditos orzamentos. Este aumento non deberá superar o total do gasto igual a aquel calculado cunha porcentaxe de axuda xustificada do 100%.

Artigo 10.º.-Tramitación.

As axudas económicas serán concedidas por resolución do órgano municipal con competencias en xestión de persoal, a proposta do Servizo de Recursos Humanos.

Artigo 11.º.-Interpretación e seguimento deste Acordo.

Todas as dificultades e dúbidas que puideran xurdir á hora da aplicación do estipulado neste Acordo serán resoltas pola Comisión de Seguimento e Interpretación do Acordo de Xestión do Fondo de Acción Social.

Cando se pretenda introducir calquera modificación ou cambio no Acordo, estes deberán ser debidamente supervisados pola Comisión de Seguimento e Interpretación do Acordo de Xestión do Fondo de Acción Social.

Nesta comisión estarán presentes, a partes iguais, o Concello e a representación dos traballadores. Estará presidida pola persoa que ocupe a xefatura do Servizo de Recursos Humanos. Ambas partes poderán ser asistidas por un asesor, con voz pero sen voto.

Ten carácter esencialmente consultivo e asesor, debendo elaborar propostas e informes sobre as cuestións que se lle formulen. Esta actividade asesora consistiría basicamente en facer propostas de cambio e reforma sobre as accións sociais fixadas no presente Acordo.

CAPÍTULO II.-AXUDA ECONÓMICA POR DISCAPACIDADE OU DEPENDENCIA

Artigo 12.º.-Alcance.

12.1. Poderán optar a estas axudas as persoas, incluídas no ámbito de aplicación do presente Acordo, afectadas por unha diversidade funcional ou en situación de dependencia, sendo ambas as dúas axudas incompatibles entre sí.

Os familiares de primeiro grao dos empregados do concello quedarán eximidos do requisito de convivencia cando permanezan ingresados nunha residencia xeriátrica ou asistencial, ben sexa pública ou privada.

Asemade, os seus ingresos poderán superar o límite establecido no artigo 1.2 cando a súa contía sexa inferior ao custe da estancia no centro xeriátrico ou asistencial.

12.2. Estas axudas son complementarias de todas aquelas outras que se poidan percibir doutro organismo público ou privado, tendo en conta as limitacións reguladas no artigo 7.º.

12.3. O importe recibido pola concesión desta axuda non poderá computarse como renda para os efectos de aplicación deste Acordo.

Artigo 13.º. Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, uniranse a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º.1, a seguinte:

a) Certificación do grao de discapacidade ou valoración de dependencia, expedido polo organismo da Comunidade Autónoma que posúa a competencia.

b) Xustificantes do custe da estancia no centro xeriátrico ou asistencial, no caso de que éste fora superior aos ingresos anuais previstos no artigo 1.2.

Artigo 14.º.-Importe da axuda.

O importe máximo que se percibirá en concepto de axuda económica será o seguinte, segundo se reflicte na seguinte táboa:

Diversidade funcional		Dependencia		
Valoración (%)	Importe (euros)	Valoración (nivel)	Importe (euros)	Baremo segundo os ingresos da persoa beneficiaria
De 33% a 49%	200,00	Grao I	500,00	Ate 1 S.M.I. = 100% Ate 1,5 S.M.I. = 75% Ate 2 S.M.I. = 50% Ate 2,5 S.M.I. = 25%
De 50% a 64%	400,00			

Diversidade funcional		Dependencia		
Valoración (%)	Importe (euros)	Valoración (nivel)	Importe (euros)	Baremo segundo os ingresos da persoa beneficiaria
De 65% a 69%	850,00	Grao II	1.450,00	Ate 1 S.M.I. = 100% Ate 1,5 S.M.I. = 75% Ate 2 S.M.I. = 50% Ate 2,5 S.M.I. = 25%
De 70% a 74%	1.300,00			
De 75% a 89%	1.800,00	Grao III	2.500,00	Ate 1 S.M.I. = 100% Ate 1,5 S.M.I. = 75% Ate 2 S.M.I. = 50% Ate 2,5 S.M.I. = 25%
Mais do 90%	2.300,00			

CAPÍTULO III.-AXUDA ECONÓMICA POR BOLSA DE ESTUDOS

Artigo 15.º.-Alcance.

15.1. Inclúense neste concepto, o conxunto de gastos que puidesen producirse como consecuencia dos estudos que realice o persoal incluído no ámbito de aplicación deste Acordo, nun dos seguintes niveis de estudos:

- Educación infantil de segundo ciclo.
- Educación primaria obrigatoria.
- Educación secundaria obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional de grao medio ou superior, e curso de acceso á Universidade.
- Universidade, escolas técnicas ou conservatorios de carácter público.
- Estudos homologados polo Ministerio ou Consellería de Educación, con validez académica, impartidos por centros públicos.

Os cursos dos apartados d) e e) non poderán recibir axuda superior ao gasto realizado.

Os solicitantes de bolsas de estudos dos apartados d) e e), para poder percibir a axuda deberán achegar a acreditación da denegación da bolsa, se fose o caso, e o pago das taxas que correspondan antes do 15 de agosto do ano da solicitude.

15.2. Quedan expresamente excluídos os doutoramentos e másteres coa excepción dos imprescindibles para o exercicio da profesión, habilitantes e impartidos en centros públicos.

15.3. Esta axuda económica concederáse só sobre un nivel de estudos, carreira ou curso por ano ou, se fose o caso, por materias soltas nos termos previstos no artigo 17.2; no caso de solicitar máis dunha axuda económica, soamente se aboará unha delas, que será a que resulte máis beneficiosa para o interesado.

Artigo 16.º.-Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, unirase a esta, inexcusablemente, ademais dos documentos citados no artigo 4.1, os seguintes:

- O certificado de matriculación ou, no seu caso, copia da folla de liquidación das taxas de matrícula correspondente ao curso para o que se solicite a axuda económica.
- Copia do plan de estudos da carreira que corresponda.

Artigo 17.º. Importes máximos destas axudas.

17.1. O importe máximo que se percibirá en concepto de axuda económica por gastos de bolsa de estudos será o que segue:

Tipo de estudos	Euros
Apartado a) do artigo 15.º.1	110,00
Apartado b) do artigo 15.º.1	185,00
Apartado c) do artigo 15.º.1	260,00
Apartado d) do artigo 15.º.1	550,00
Apartado e) do artigo 15.º.1	Segundo a equiparación cun dos anteriores

17.2. No suposto de cursar materias soltas, o importe da axuda calcularase de forma directamente proporcional ao número total de materias ou créditos do curso correspondente. Se fosen materias de distintos cursos calcularase de xeito porcentual sobre o total de materias ou créditos de cada un deles, ata o límite da axuda.

17.3. No caso dos proxectos de fin de carreira computarase como gasto realizado o importe da matrícula ou a taxa que corresponda, sempre referido a estudos realizados en centros educativos públicos que se atopen en territorio do Estado español.

CAPÍTULO IV.-AXUDA ECONÓMICA POR ESCOLAS INFANTÍS DE PRIMEIRO CICLO

Artigo 18.º.-Alcance.

18.1. Inclúese neste concepto os gastos derivados da estancia nas escolas infantís de primeiro ciclo, durante o ano anterior ao curso escolar ao que se refira a oportuna convocatoria, dos membros da unidade familiar do solicitante, ata o momento no que poida ter acceso ao segundo ciclo de educación infantil.

18.2. Quedan expresamente excluídos dos citados gastos, os correspondentes a comida, transporte, seguros, material escolar e deportivo, e as denominadas actividades complementarias ou extraescolares.

18.3. Para os efectos do disposto no apartado 1 deste artigo, entenderase por curso escolar o que vai desde o día 1 de setembro dun ano, ata o día 31 de agosto do ano seguinte.

Artigo 19.º.-Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, uníranse a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º.1, a seguinte: copias das facturas desagregadas ou certificado bancario dos gastos realizados.

Artigo 20.º.-Importe da axuda.

O importe máximo que se percibirá polo concepto de gastos de escolas infantís será de 500 € por fillo.

CAPÍTULO V.-AXUDA ECONÓMICA POR ODONTOLOXÍA, OFTALMOLOXÍA, OTORRINOLARINGOLOXÍA E ENFERMIDADE

ODONTOLOXÍA

Artigo 21.º.-Alcance.

Inclúense neste apartado os gastos por tratamentos odontolóxicos excluídos das prestacións da asistencia sanitaria da Seguridade Social, que non supoñan tratamentos estéticos.

Artigo 22.º.-Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, uníranse a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º.1, a seguinte:

a) Facturas orixinais desagregadas nas que deberá constar a denominación específica do tratamento e os datos do/da paciente.

b) No caso de tratamentos con pago fraccionado, deberase presentar o orzamento asinado que inclúa o importe total do tratamento xunto coas facturas correspondentes á contía aboada no ano ao que se refire a convocatoria, indicando que a factura corresponde ao pago parcial do tratamento ao que se refire o orzamento presentado.

c) O pago financiado de tratamentos terá a consideración de pago en efectivo.

Artigo 23.º.-Importe das axudas.

O importe máximo a percibir polo concepto de axuda económica por gastos de odontoloxía, estará determinado polo importe solicitado e xustificado pola persoa interesada e de acordo co previsto na táboa establecida no artigo 8.º, sen que poda exceder, en calquera caso, do límite de 2.200,00 € por unidade familiar.

OFTALMOLOXÍA

Artigo 24.º.-Alcance.

24.1. Inclúense neste concepto os gastos realizados na adquisición, por informe dun oftalmólogo ou optometrista colexiado, de elementos correctores da visión (lentes e lentes de contacto).

24.2. Esta axuda concederáse só unha vez cada tres anos, por membro da unidade familiar, salvo que, no caso de cristais, exista informe dun oftalmólogo ou optometrista colexiado que xustifique a necesidade de cambio por axuste de gradación.

24.3. No caso de lentes de contacto non se aplica o límite dos 3 anos previsto no punto anterior.

Artigo 25.º.-Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, unirase a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º.1, a seguinte:

- a) Informe dun oftalmólogo ou optometrista colexiado
- b) Factura orixinal desagregada do gasto realizado, detallando o gasto imputado á montura, ás lentes,

Artigo 26.º.-Importe da axuda.

O importe máximo que se percibirá en concepto de axuda por gastos de oftalmoloxía non poderá exceder dos que se establecen a continuación:

CONCEPTO	IMPORTE
Montura das lentes	150,00 €
Cristais	250,00 €
Lentes de contacto	150,00 €

OTORRINOLARINGOLOXÍA

Artigo 27.º.-Alcance.

27.1. Inclúense neste concepto os gastos realizados na adquisición, por prescrición médica, de elementos correctores da audición (audífonos). Inclúense asemade os gastos de reparación destes aparatos.

27.2. Esta axuda concederáse só unha vez, por membro da unidade familiar, salvo que exista prescrición médica que xustifique a necesidade de cambio por falta de efectividade do anterior. Esta limitación non será tida en conta nos supostos de reparación.

Artigo 28.º.-Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, unirase a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º.1, a seguinte:

- a) Informe de facultativo médico colexiado, xustificativo da necesidade de adquisición ou cambio.
- b) Factura desagregada do gasto realizado.

Artigo 29.º. Importe da axuda.

- O importe máximo que se percibirá en concepto de axuda económica por compra de audífonos será de 1.500,00 € por aparato.
- Nos supostos de reparación o importe da axuda calcularase sobre o 50% do gasto realizado. Cando o importe da reparación supere o 70% do custo do aparato considerarase xustificada a necesidade de cambio recollida no artigo 27.2.

ENFERMIDADE

Artigo 30.º.-Alcance.

30.1. Inclúense neste concepto, con carácter xeral, os gastos por servizos e/ou tratamentos sanitarios excluídos das prestacións sanitarias da Seguridade Social, e tamén:

a) Operacións oftalmolóxicas dirixidas á corrección da visión, con informe que especifique as dioptrías de cada tipoloxía en cada un dos ollos, en calquera dos seguintes supostos:

- Miopía: Mínimo de 4 dioptrías no ollo operado.
- Miopía Astigmatismo: A suma das dioptrías de miopía máis a metade das de astigmatismo dese mesmo ollo sexa igual ou superior a 4.
- Hipermetropía: Mínimo de 4 dioptrías no ollo operado.

O límite máximo deste tipo de axuda, por cada operación oftalmolóxica e ollo, será de 1.000,00 €.

b) Tratamentos ortoprotésicos, excluídos da Seguridade Social, cun prezo superior a 70,00 €.

c) Vacinas

Os tratamentos, intervencións e demais prestacións de natureza sanitaria aos que se refire este artigo, deberán de ser informados, con carácter preferente, por persoal facultativo do sistema público de saúde; en caso de negativa ou imposibilidade da obtención do citado informe, admitirase como medio idóneo o informe emitido polos servizos médicos municipais e, en último caso, en ausencia dos anteriores, admitirase o informe dun facultativo médico colexiado.

30.2. Quedarían excluídos do anterior alcance:

a) Operacións de estética.

b) Operacións oftalmolóxicas dirixidas á corrección da miopía, salvo os incluídos no apartado 30.1.a).

c) Prestacións cubertas total ou parcialmente pola Seguridade Social ou servizos sanitarios concertados.

d) Tratamentos ortoprotésicos incluídos na Seguridade Social e os excluídos que teñan un prezo de 70,00 € ou inferior.

e) Medicamentos

30.3. Establécese como límite xeral das axudas por enfermidade, sempre que non se atope afectado por outros límites cuantitativos específicos, o de 4.800,00 €.

Artigo 31.º.-Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, unirase a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º.1, a seguinte:

a) Informe ou prescrición do facultativo médico colexiado correspondente, que xustifique a necesidade do servizo e/ou tratamento recibido.

b) Factura orixinal detallada dos gastos realizados.

Artigo 32.º.-Importe da axuda.

Sobre o importe solicitado e xustificado pola persoa interesada aplicarase a táboa establecida no artigo 8.º.

CAPÍTULO VI.-AXUDA ECONÓMICA POLA ADQUISICIÓN OU ALUGUER DE VIVENDA

Artigo 33.º.-Alcance da axuda.

33.1. No caso de axuda por adquisición de vivenda, inclúense neste concepto o financiamento dos intereses derivados da adquisición dunha vivenda efectuada polo traballador/a municipal incluído no ámbito de aplicación deste Acordo.

33.2. No caso de aluguer de vivenda, inclúese neste concepto a axuda económica para o aluguer de vivenda para o traballador/a municipal incluído no ámbito de aplicación deste Acordo.

33.3. Soamente poderase optar a unha das dúas axudas, por adquisición de vivenda ou aluguer. Non obstante, o traballador que viñese percibindo axudas por alugueiro pode pasar a solicitar axuda por compra ou viceversa, debendo indicar no ano de cambio por cal axuda opta.

Se o cambio é de axuda por adquisición de vivenda a aluguer, o cambio deberá vir motivado por algún dos seguintes supostos:

1. Dación en pago da vivenda pola que se viña percibindo axudas por adquisición.

2. Necesidades sociais, nos mesmos termos sinalados no apartado c) do artigo 34.

3. No resto de supostos, a comisión de seguimento e interpretación ponderará as circunstancias que concorran.

33.4. Estas axudas serán compatibles con calquera outra axuda por ditos conceptos.

Artigo 34.º.-Requisitos.

34.1. Esixiranse os seguintes requisitos para poder optar a axuda para a adquisición de vivenda:

a) A vivenda terá como finalidade servir de residencia habitual e permanente do solicitante. O solicitante só poderá dispor en réxime de propiedade dunha única vivenda dentro do territorio español. Só se poderá percibir esta axuda para unha única vivenda que sexa a residencia habitual e permanente do solicitante.

O Servizo de Recursos Humanos poderá realizar a comprobación do cumprimento deste requisito, agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta, neste caso deberá presentar a documentación acreditativa do seu cumprimento.

b) A vivenda, obxecto da axuda, non poderá ser cedida, alugada ou vendida; e terá as mesmas excepcións contempladas no apartado que segue.

c) Só se exceptúa o caso de dispor doutra vivenda en réxime de propiedade, cando a nova adquisición de vivenda única responda a necesidades sociais, tales como o incremento dos membros da unidade familiar ou o caso de que a necesidade surda da obriga de atender a familiares dependentes, así como aqueles casos que a nova adquisición estea motivada por cuestións de accesibilidade ou inhabitabilidade da vivenda habitual.

Estes supostos serán acreditados mediante informe técnico do municipio no que resida o solicitante. Non se terán en conta os casos de multipropiedade por herdanza.

No suposto de nova adquisición segundo o previsto anteriormente, a axuda que se conceda calcularase sobre a diferenza entre o valor de compra da nova vivenda e o da venda da antiga.

d) Ter concedido un préstamo hipotecario por unha entidade financeira e ter satisfeito intereses no ano anterior ao que se refira a convocatoria. Ter amortizado capital dentro do ano de referencia, salvo situacións excepciónais, que serán valoradas. A data de compra da vivenda mediante escritura pública e a data do préstamo hipotecario, no suposto de non realizarse no mesmo día ou de forma conxunta, non diferirá en máis dun mes.

34.2. Para poder optar a axuda de aluguer a vivenda terá como finalidade servir de residencia habitual do solicitante. Este non poderá dispor en réxime de propiedade ningunha outra vivenda dentro do territorio español.

Artigo 35.º.-Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, acompañará a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º.1, a que segue:

ADQUISICIÓN DE VIVENDA:

- a) Copia da póliza do préstamo hipotecario ou persoal concedido pola entidade financeira correspondente.
- b) Copia da escritura de compravenda da vivenda.
- c) Copia dos recibos acreditativos do pago ou, no seu caso, certificación expedida pola entidade crediticia; referida ao importe dos intereses abonados e do capital amortizado durante o ano a que se refira a convocatoria.
- d) Certificado ou volante de empadramento para os solicitantes que non residan no termo municipal da Coruña.
- e) Cando a documentación presentada fose insuficiente, poderase requirir ao interesado para que a complete.
- f) Informe técnico, se fora o caso, previsto no artigo 34.1.c)

ALUGUER DE VIVENDA:

- a) Copia do contrato de aluguer a nome do empregado do concello e inscrición da fianza no IGVS.
- b) Copia de todos os recibos do ano ou xustificantes bancarios de pagamento das rendas do alugueiro para o que se solicita axuda. O importe da axuda será directamente proporcional ao tempo transcorrido entre o 1 de xaneiro ou a data de formalización do contrato e a data do recibo de pago.
- c) Certificado ou volante de empadramento cando non se viva no concello de A Coruña.

Artigo 36.º.-Importe da axuda económica.

36.1. O importe máximo que se percibirá por concepto de adquisición de vivenda será do 60% dos intereses abonados polo solicitante, dentro do ano anterior ao que se refire a convocatoria, e sobre un préstamo máximo de 100.000,00 €; ou, de ser o caso, da cantidade debida do préstamo. En ambos os dous casos, refírese ao capital pendente de amortizar ao día 1 de xaneiro de cada ano.

36.2. No caso de que o préstamo teña un importe superior a 100.000,00 € o cálculo de intereses e amortización farase sobre a porcentaxe que supoña os 100.000,00 €, do total do préstamo concedido.

36.3. O importe máximo que se percibirá polas axudas de aluguer será de 500,00 €.

36.2. En ningún caso o importe das sumas das axudas para adquisición de vivenda e aluguer poderán superar o 25% da partida global destinada ás axudas económicas.

A Coruña, 04 de xaneiro de 2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, RD. (03/07/2019)

O Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Ángel Jove Losada